

**21762** *LEI ORGÁNICA 3/2004, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado. («BOE» 313, do 29-12-2004.)*

## JUAN CARLOS I

### REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

O Consello de Estado, a que se refire o artigo 107 da Constitución española como supremo órgano consultivo do Goberno, tivo un papel determinante na garantía da calidade, a técnica e o rigor da actuación do Executivo, levando a cabo un labor capital na defensa do Estado de dereito.

Co desempeño dos seus cometidos, fundamentalmente a través de ditames, o Consello de Estado soubo garantir a calidade xurídica das disposicións e actuacións da Administración pública, sen que o flutuante dinamismo do dereito público contemporáneo nin a complexidade competencial derivada do modelo constitucional de distribución territorial do poder nin, en fin, a renovación de institucións xurídico-públicas clásicas fosen obstáculo para un eficaz exercicio das súas tarefas.

### II

Co ánimo de enriquecer e potenciar tan relevante función consultiva coídoise conveniente incorporar ao Consello de Estado os ex-presidentes do Goberno. O caudal de experiencia política e o coñecemento directo da realidade do Estado atesourados polos que asumiron, desde o compromiso democrático, a máis alta dirección da acción do Estado, constitúen un valiosísimo patrimonio que acrecentará a análise atenta e a reflexión prudente da institución, o que redundará sen dúbida en beneficio da Administración e dos cidadáns aos cales esta serve.

Para a incorporación dos ex-presidentes do Goberno ao Consello de Estado créase a categoría do conselleiro nato con carácter vitalicio, por ser esta a que mellor se adecua ás funcións e cometidos que deberán desempeñar, todo iso sen prexuízo de que no futuro desenvolvemento regulamentario se determine máis precisamente o seu estatuto xurídico persoal.

### III

Por outra parte, é necesario ter presente que a función consultiva non se constrinxen de modo exclusivo e exclúinte á traducida en ditames. Tamén nela caben con naturalidade, do xeito en que a cumpren institucións homólogas noutros países, a realización de labores de estudo e informe e de elaboración de textos que poidan servir como base para proxectos lexislativos. En consecuencia, e co mesmo propósito de fortalecemento da institución, considerouse pertinente crear unha Comisión de Estudos no seo do Consello de Estado e establecer fórmulas que lle permitan ao Consello de Estado contar coa colaboración do Centro de Estudos Políticos e Constitucionais e doutros organismos autónomos e órganos administrativos para a realización de tarefas concretas.

Pola súa vez, a lei orgánica leva a cabo unha revisión das competencias da institución co obxecto de adaptalas ao actual marco legal, sen que iso supoña unha modifica-

ción substantiva das funcións que veu exercendo. En primeiro lugar, engádese a competencia do Pleno do Consello de Estado para emitir ditame con carácter preceptivo respecto dos anteproxectos de reforma constitucional, cando a proposta non fose elaborada polo propio Consello. En segundo lugar, incorpórase ao texto da lei orgánica a competencia para ditaminar en materias relativas á execución do dereito comunitario europeo, que ata o momento encontraba a súa base legal na disposición adicional primeira da Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea, e tamén se deixa constancia das competencias do Consello de Estado tras a creación dos consellos consultivos autonómicos. Así mesmo, lévase a cabo unha delimitación da competencia da institución para ditaminar sobre as reclamacións formuladas ante a Administración xeral do Estado en concepto de indemnización de danos e perdas, situando un limiar cuantitativo mínimo de 6.000 euros.

Finalmente, con esta reforma da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, procédese a actualizar a denominación de certos cargos que aparecen mencionados nela.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.*

A Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2.

1. No exercicio das súas funcións, o Consello de Estado velará pola observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico. Valorará os aspectos de oportunidade e conveniencia cando o exixan a índole do asunto ou o solicite expresamente a autoridade consultante, así como a maior eficacia da Administración no cumprimento dos seus fins.

2. O Consello de Estado emitirá ditame sobre cantos asuntos sometan á súa consulta o Goberno ou os seus membros.

A consulta ao Consello será preceptiva cando nesta ou noutras leis así se estableza, e facultativa nos demais casos. Os ditames do Consello non serán vinculantes, salvo que a lei dispoña o contrario.

Os asuntos en que ditaminase o Pleno do Consello de Estado non se poderán remitir a informe de ningún outro corpo ou órgano da Administración do Estado. Nos que ditaminase a Comisión Permanente, só poderá emitir informe o Consello de Estado en Pleno.

Corresponderalle en todo caso ao Consello de Ministros resolver naqueles asuntos en que, sendo preceptiva a consulta ao Consello de Estado, o ministro consultante disinta do parecer do Consello.

As disposicións e resolucións sobre asuntos sobre os cales emitiu informe o Consello expresarán se se acordan conforme o ditame do Consello de Estado ou se se afastan del. No primeiro caso, usarase a fórmula “de acordo co Consello de Estado”; no segundo, a de “oído o Consello de Estado”.

3. O Consello de Estado realizará, por si ou baixo a súa dirección, os estudos, informes ou memorias que o Goberno lle solicite e elaborará as propostas lexislativas ou de reforma constitucional que o Goberno lle encomende. Poderá levar a cabo igualmente os estudos, informes ou memorias que xulgue oportuno para o mellor desempeño das súas funcións.

Na elaboración das propostas legislativas ou de reforma constitucional atenderá os obxectivos, criterios e límites da reforma constitucional sinalados polo Goberno, e poderá facer tamén as observacións que coide pertinentes acerca deles.»

Dous. Modifícase o punto 1 do artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O Consello de Estado actúa en Pleno, en Comisión Permanente ou en Comisión de Estudos.»

Tres. O contido actual do artigo 5 queda numerado como punto 1, e engádesse un punto 2 coa seguinte redacción:

«2. A Comisión de Estudos estará presidida polo presidente do Consello de Estado e integrada por dous conselleiros permanentes, dous natos e dous electivos, designados polo Pleno por proposta do presidente, así como polo secretario xeral. A designación será polo prazo que fixe o regulamento orgánico, sen prexuízo da súa posible renovación. Outro ou outros conselleiros poderán ser incorporados polo mesmo procedemento para tarefas concretas e de acordo co dito regulamento.

A comisión estará asistida por polo menos un letrado maior e polos letrados que se consideren necesarios en función das tarefas encomendadas.

Cando a índole dos traballos que se van realizar o requira, poderase solicitar igualmente a asistencia á Comisión de Estudos de funcionarios doutros corpos da Administración nos termos previstos no Regulamento orgánico do Consello de Estado e, en defecto deste, nos termos que a propia comisión determine por proposta de seu presidente.»

Catro. Modifícase o artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7.

Os conselleiros permanentes, en número igual ao das seccións do Consello, son nomeados, sen límite de tempo, por real decreto entre persoas que están ou estivesen comprendidas nalgunha das categorías seguintes:

- 1.º Ministro.
- 2.º Presidente ou membro dos consellos executivos das comunidades autónomas.
- 3.º Conselleiro de Estado.
- 4.º Membros dos consellos consultivos ou órganos equivalentes das comunidades autónomas.
- 5.º Letrado maior do Consello de Estado.
- 6.º Académico de número das reais academias integradas no Instituto de España.
- 7.º Profesor numerario de disciplinas xurídicas, económicas ou sociais en facultade universitaria, con quince anos de exercicio.
- 8.º Oficial xeral dos corpos xurídicos das Forzas Armadas.
- 9.º Funcionarios do Estado con quince anos de servizos polo menos en corpos ou escalas para cuxo ingreso se exixa título universitario.
- 10.º Ex-gobernadores do Banco de España.»

Cinco. Modifícase o artigo 8, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8.

1. Os que desempeñasen o cargo de presidente do Goberno adquirirán a condición de conselleiros natos de Estado con carácter vitalicio, e en calquera momento poderán manifestar ao presidente do

Consello de Estado a súa vontade de incorporarse a el.

Ademais de formar parte do Pleno do Consello de Estado, poderán desempeñar as funcións e cometidos que se prevexan no regulamento orgánico, o cal incluírá as disposicións pertinentes respecto do seu eventual cesamento, renuncia ou suspensión no exercicio efectivo do cargo de conselleiro nato.

O seu estatuto persoal e económico será o dos conselleiros permanentes, sen prexuízo do que lles corresponda como ex-presidentes do Goberno.

2. Serán conselleiros natos de Estado:

- a) O director da Real Academia Española e os presidentes das reais academias de Ciencias Morais e Políticas e de Xurisprudencia e Lexislación.
- b) O presidente do Consello Económico e Social.
- c) O fiscal xeral do Estado.
- d) O xefe do Estado Maior da Defensa.
- e) O presidente do Consello Xeral da Avogacía.
- f) O presidente da Comisión Xeral de Codificación ou o presidente da súa Sección Primeira se aquel fose ministro do Goberno.
- g) O avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado.
- h) O director do Centro de Estudos Políticos e Constitucionais.
- i) O gobernador do Banco de España.»

Seis. Modifícase o artigo 9, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9.

1. Os conselleiros electivos de Estado, en número de dez, serán nomeados por real decreto, por un período de catro anos, entre os que desempeñasen calquera dos seguintes cargos:

- a) Deputado ou senador das Cortes Xerais.
- b) Maxistrado do Tribunal Constitucional, xuíz ou avogado xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
- c) Defensor do Pobo.
- d) Presidente ou vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- e) Ministro ou secretario de Estado.
- f) Presidente do Tribunal de Contas.
- g) Xefe do Estado Maior da Defensa.
- h) Presidente ou membro do Consello Executivo de comunidade autónoma.
- i) Embaixador procedente da carreira diplomática.
- j) Alcalde de capital de provincia, presidente de deputación provincial, de mancomunidade interinsular, de cabido insular ou de consello insular.
- k) Reitor de universidade.

2. De entre os dez conselleiros electivos, dous deberán ter desempeñado o cargo de presidente do Consello Executivo de comunidade autónoma por un período mínimo de oito anos. O seu mandato será de oito anos.»

Sete. Modifícase o punto 2 do artigo 10, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Asistirá, con voz pero sen voto, ás sesións do Pleno, da Comisión Permanente e da Comisión de Estudos.»

Oito. Engádesse un punto 5 ao artigo 13, coa seguinte redacción:

«5. O presidente, oída a Comisión de Estudos, poderá dispor a realización de estudos, informes ou memorias e, para tal efecto, acordar a constitución de grupos de traballo nos supostos e forma que determine o regulamento orgánico.»

Nove. Modifícase o punto 1 do artigo 15, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As prazas vacantes no corpo de letrados do Consello de Estado proveranse mediante oposición entre licenciados universitarios en dereito. O ascenso a letrado maior levarase a cabo entre letrados por rigorosa orde de antigüidade no corpo.»

Dez. Engádesse un novo artigo 15 bis, que pasará a ser o 16, co conseguinte desprazamento da numeración dos restantes artigos. O novo artigo quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15 bis.

A selección e provisión de todos os postos de traballo no Consello de Estado realizaranse tendo en especial consideración os principios de mérito e capacidade.»

Once. Modifícase o artigo 17, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 17.

1. A ponencia nos asuntos en que deba entender o Consello en Pleno corresponderalle á Comisión Permanente ou á Comisión de Estudos, atendendo ás súas respectivas competencias.

2. Correspóndelles ás seccións preparar o despacho dos asuntos dos cales deba coñecer a Comisión Permanente.

3. A distribución de asuntos entre as seccións, segundo os ministerios de onde aqueles procedan ou a súa natureza, fixarase por resolución do presidente do Consello de Estado, por proposta da Comisión Permanente.

4. A Comisión de Estudos axustarase na súa actuación ao que dispoña acerca da súa organización e funcionamento o regulamento orgánico do Consello de Estado.»

Doce. Modifícase o artigo 20, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 20.

1. O Consello de Estado, en Pleno ou en Comisión Permanente, poderá elevar ao Goberno as propostas que xulgue oportunas acerca de calquera asunto que a práctica e experiencia das súas funcións lle suxiran.

2. O Consello de Estado en Pleno elevará anualmente ao Goberno unha memoria en que, con ocasión de expor a actividade do Consello no período anterior, recollerá as observacións sobre o funcionamento dos servizos públicos que resulten dos asuntos consultados e as suxestións de disposicións xerais e medidas que se van adoptar para o mellor funcionamento da Administración.»

Trece. Engádeselle un novo punto 1 ao artigo 21, co correlativo desprazamento na numeración dos actuais puntos:

«1. Anteproxectos de reforma constitucional, cando a proposta non fose elaborada polo propio Consello de Estado.»

Catorce. Modifícase o punto 2 do artigo 21, que mantén a súa numeración, pasando o actual 1 a ser o 3. O punto 2 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Anteproxectos de leis que se deban ditar en execución, cumprimento ou desenvolvemento de tratados, convenios ou acordos internacionais e do dereito comunitario europeo.»

Quince. Modifícase o punto 2 do artigo 22, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Disposicións regulamentarias que se diten en execución, cumprimento ou desenvolvemento de tratados, convenios ou acordos internacionais e do dereito comunitario europeo.»

Dezaseis. Modifícase o punto 6 do artigo 22, que queda redactado nos seguintes termos:

«6. Impugnación das disposicións e resolucións adoptadas polos órganos das comunidades autónomas ante o Tribunal Constitucional, con carácter previo á interposición do recurso.»

Dezasete. Modifícase o punto 10 do artigo 22, que queda redactado nos seguintes termos:

«10. Revisión de oficio de disposicións administrativas e de actos administrativos, nos supostos previstos polas leis.»

Dezaioito. Modifícase o punto 13 do artigo 22, que queda redactado nos seguintes termos:

«13. Reclamacións que, en concepto de indemnización de danos e perdas, se formulen á Administración do Estado a partir de 6.000 euros ou da contía superior que establezan as leis.»

Dezanove. Introdúcese un novo artigo 23, co conseguinte desprazamento da numeración dos restantes artigos vixentes da lei orgánica. O novo artigo 23 quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 23.

1. A Comisión de Estudos ordenará, dirixirá e supervisará a realización dos estudos, informes ou memorias encargados polo Goberno e, unha vez conclusos, emitirá xuízo acerca da súa suficiencia e adecuación ao encargo recibido.

2. A Comisión de Estudos elaborará as propostas legislativas ou de reforma constitucional que o Goberno lle encomende ao Consello de Estado e someteraos ao Pleno, que se pronunciará sobre eles por maioría simple. Os membros discrepantes poderán formular, dentro do prazo que regulamentariamente se determine, votos particulares, que se remitirán ao Goberno xunto co texto aprobado.»

Vinte. O segundo parágrafo do actual artigo 23, que pasa a ser o artigo 24, queda redactado nos seguintes termos:

«O ditame será preceptivo para as comunidades autónomas que carezan de órgano consultivo propio nos mesmos casos previstos por esta lei orgánica para o Estado, cando asumisen as competencias correspondentes.»

Vinte e un. O punto 1 do actual artigo 25, que pasa a ser o artigo 26, queda redactado nos seguintes termos:

«1. O presidente do Consello de Estado fixa a orde do día do Pleno, da Comisión Permanente e da Comisión de Estudos e preside as súas sesións, exerce a xefatura de todas as dependencias do Consello e a súa representación.»

**Disposición adicional.** *Colaboración co Consello de Estado do Centro de Estudos Políticos e Constitucionais e doutros organismos e órganos da Administración xeral do Estado.*

1. O presidente do Consello de Estado, co acordo da Comisión de Estudos, poderalle encomendar ao Centro de Estudos Políticos e Constitucionais a realización de tarefas determinadas para levar a cabo os estudos, informes ou memorias ou a elaboración de anteproxectos que o Goberno lle encargue ao Consello de Estado.

2. Cando a índole dos asuntos o requira, o Consello de Estado poderá solicitar directamente a colaboración doutros organismos autónomos ou unidades e servizos administrativos para a realización dos estudos, informes ou memorias que lle fosen encargados polo Goberno, e informará diso os departamentos ministeriais dos cales dependan os servizos solicitados. Os ditos departamentos adoptarán as medidas necesarias para que as solicitudes sexan atendidas.

**Disposición transitoria.** *Adquisición da condición de conselleiros natos vitalicios polos ex-presidentes do Goberno.*

Os que no momento da entrada en vigor desta lei orgánica sexan ex-presidentes do Goberno adquirirán a condición de conselleiros natos de Estado con carácter vitalicio transcorridos dous meses desde a dita data, salvo que dentro dese prazo manifesten expresamente ao presidente do Consello de Estado a súa vontade en contrario. Os que fagan tal manifestación poderán, no entanto, exercer posteriormente o seu dereito conforme o artigo 8 da Lei orgánica do Consello de Estado.

**Disposición derradeira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**21830** *LEI 3/2004, do 29 de decembro, de establecemento de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. («BOE» 314, do 30-12-2004.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Esta lei ten por obxecto incorporar ao dereito interno a Directiva 2000/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño de 2000, que establece medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Ao longo desta última década, a Unión Europea veu prestando unha atención crecente aos problemas dos

prazos de pagamento excesivamente amplos e da morosidade no pagamento de débedas contractuais, debido a que deterioran a rendibilidade das empresas, producindo efectos especialmente negativos na pequena e mediana empresa. Ademais, as disparidades existentes entre os Estados membros respecto ás lexislacións e prácticas en materia de pagamentos constitúen un obstáculo para o bo funcionamento do mercado interior.

Son numerosas as iniciativas da Unión Europea desenvolvidas sobre esta materia, entre as cales está a Recomendación da Comisión do 12 de maio de 1995, relativa aos prazos de pagamento nas transaccións comerciais. Ao non se teren logrado melloras en materia de morosidade desde a adopción desta recomendación, fíxose necesaria a Directiva 2000/35/CE.

O obxectivo xeral desta directiva é fomentar unha maior transparencia na determinación dos prazos de pagamento nas transaccións comerciais, e tamén o seu cumprimento. Para isto, a directiva abrangue un conxunto de medidas tendentes, dunha parte, a impedir que os prazos de pagamento excesivamente dilatados sexan utilizados para proporcionar ao debedor unha liquidez adicional a expensas do acreedor, e, doutra, a disuadir os atrasos nos pagamentos, erradicando as causas por que na actualidade a morosidade pode resultar vantaxosa economicamente para os debedores.

O alcance desta directiva está limitado aos pagamentos efectuados como contraprestación en operacións comerciais entre empresas e entre estas e o sector público. Non regula as operacións en que interveñen consumidores, os xuros relacionados con outros pagamentos como os efectuados en virtude da lexislación en materia de cheques e letras de cambio nin os pagamentos de indemnizacións por danos.

O criterio subxectivo e material que delimita o ámbito de aplicación da Directiva 2000/35/CE aconsella efectuar a súa transposición ao noso ordenamento xurídico mediante unha lei especial que regule as medidas substantivas contra a morosidade, e que, nunha disposición derradeira, modifique o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

As medidas substantivas contra a morosidade que esta lei regula consisten en establecer, con carácter xeral, un prazo de exixibilidade de xuros de demora, determinar o seu devengo automático, sinalar o tipo de xuro de demora e outorgarlle ao acreedor o dereito a reclamarlle ao debedor unha indemnización razoable polos custos de cobramento. A estas medidas engádeselles a posibilidade de pactar cláusulas de reserva de dominio para os efectos de que o vendedor conserve a propiedade dos bens até o pagamento total da débeda.

A nova lei introduce un cambio esencial neste ámbito, como é o de desprazar os usos do comercio que viñesen consagrando prazos de pagamento excesivamente dilatados, os cales se verían substituídos polas disposicións desta lei. Cando a lei fai referencia a que o xuíz pode considerar os usos do comercio como elemento obxectivo de valoración á hora de determinar o posible carácter abusivo dunha cláusula contractual, toma este aspecto soamente como un dato factual e obxectivo que permite comparar a actuación dun operador coa situación do tráfico mercantil en cada momento.

O prazo de exixibilidade da débeda e a determinación do tipo de xuros de demora establecidos na lei son de aplicación en defecto de pacto entre as partes. Ora ben, a liberdade de contratar non debe amparar prácticas abusivas impondo cláusulas relativas a prazos de pagamento máis amplos ou tipos de xuros de demora inferiores aos previstos nesta lei, polo que o xuíz poderá modificar estes acordos se, valoradas as circunstancias do caso, resultaren abusivos para o acreedor. Neste senso, poderase considerar factor constitutivo dese abuso que o acordo sirva,